

Mércores, 19 de xullo de 2023

Núm. 139

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAÑIZA, A

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

ACORDO PERIODICIDADE SESIONS PLENARIAS

D^a INES MONTERO ARES, SECRETARIA DO CONCELLO DA CAÑIZA (PONTEVEDRA)

Vistos os antecedentes e demais datos obrantes na Secretaría do meu cargo e salvo erro ou omisión involuntaria, certifico que o Concello – Pleno na sesión extraordinaria celebrada na data 29/06/2023 adoptou o Acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade.

1. Expediente 1031/2023. PROPOSTAS PLENO ORGANIZATIVO: FIXACION DA PERIODICIDADE DAS SESIONS ORDINARIAS

PROPOSTA DA ALCALDÍA

“D. Luis Antonio Gómez Piña, en calidade de Alcalde-Presidente do Concello da Cañiza, e ao abeiro das facultades que lle veñen conferidas a esta alcaldía polo artigo 21 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, artigo 61 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, artigo 24 do RD 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, artigo 41 do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais e demais normativa concordante.

Considerando a previsión do artigo 38 do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais, e do artigo 17 do Regulamento Orgánico Municipal PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro: Que as sesións ordinarias do Pleno se celebren coa seguinte periodicidade:

- O derradeiro xoves de cada mes impar (xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro, novembro) ás 09:00 horas.

Segundo: Cando a celebración da sesión ordinaria do Pleno coincida coa campaña electoral das eleccións autonómicas, xerais ou europeas, a realización da mesma será conforme o establecido no artigo 19 do Regulamento Orgánico Municipal para o día inhábil, é dicir, o primeiro día hábil posterior do mesmo día da semana e horario fixado. No caso de que a celebración da sesión ordinaria do Pleno coincida coa campaña electoral das eleccións locais, a mesma suspenderase.



Mércores, 19 de xullo de 2023

Núm. 139

Terceiro: Que se una esta proposta ao expediente da sesión extraordinaria ao abeiro do artigo 38 do ROF, e 17 do ROM para o seu debate e votación, sin prexuízo do disposto no artigo 97 do texto legal de referencia.”

Efectuada a votación o Acordo apróbbase por MAIORÍA ABSOLUTA con sete votos a favor do PSOE e seis abstencións do PP.

Documento asinado electronicamente por INÉS MONTERO ARES, Secretaria do Concello co visto e prace de LUIS ANTONIO GÓMEZ PIÑA, Alcalde do Concello.

